#### **D. BENJAMÍN FERNÁNDEZ VENTOSINOS**

Naceu en Santalla de Cuiña, (Lugo) o 5 de agosto de 1924. Tras completar os estudos no Seminario de Lugo, Mons. Rafael Balanzá preside a súa ordenación como sacerdote en Lugo o 16 de abril de 1950. Nese mesmo faise cargo do seu primeiro destino pastoral: ecónomo de San Miguel de Oleiros (Carballedo). D. Benjamín atendeu espiritualmente a traballadores da empresa FENOSA e familiares. (Por esas datas estíbese terminando de construír o encoro de Peares).

Máis tarde, no ano 1958, é nomeado ecónomo de Santa María de Pesqueiras, en terras de Chantada. Nesta parroquia desenvolve unha gran actividade relixiosa, social e cultural. Entre outras obras, edifica coa colaboración dos seus fregueses, a igrexa nova no centro xeográfico desta parroquia, pois a famosa igrexa románica queda moi separada de todos os núcleos de poboación e con moi mal acceso.

Desde 1975 foi director espiritual do Instituto de Bacharelato “Lama das Quendas” de Chantada e uns anos despois comezou a exercer como profesor de Relixión no Instituto Val do Asma.

En 1977 foi nomeado ecónomo de San Cristóbal de Fornas e Santo Tomé de Merlán. E nese mesmo ano formou parte do IV Consello Presbiteral Diocesano.

Durante uns meses de 2006 encargouse da Parroquia de San Félix de Asma.

A finais do 2007, cando levaba 57 anos de actividade sacerdotal, o seu estado de saúde non pasa por un bo momento e solicita ser relevado de todo cargo pastoral.

Faleceu en Chantada o 5 de febreiro do 2015 confortado cos santos sacramentos. Descanse en paz.

## **D. ANDRÉS FERNÁNDEZ MARTÍNEZ**

O Rvdo. D. Andrés Fernández Martínez naceu o día cinco de novembro de mil novecentos vinte e tres (1923) na Parroquia do Salvador de Guntín, unida á de Santa María de Ferreira de Pallares. Realizou os Estudos Eclesiásticos no Seminario Diocesano de Lugo e foi ordenado sacerdote tamén en Lugo o día dezaseis de abril de mil novecentos cincuenta (1950) polo entón Bispo da Diocese Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Rafael Balanzá e Navarro.

En 1951 foi nomeado ecónomo de Santa María de Vilarello no municipio de Cervantes. Logo duns anos servindo nesta Parroquia é trasladado, en 1954, á Parroquia de San Xoán do Corgo, onde exerceu con gran fidelidade e entrega durante toda a súa vida sacerdotal.

En 1959 foi nomeado Vocal Eclesiástico da Xunta de Ensino Primario do Corgo.

Xa na súa ancianidade, retirouse á Casa Diocesana Nosa Señora dos Ollos Grandes, onde estivo coidado polas Fillas da Parroquia Auxiliares do Bo Pastor e finalmente na Fundación "Fraternidade Sacerdotal da Diocese" con sé no Seminario Diocesano, onde faleceu na madrugada do día 3 de marzo de 2015. Descanse en paz.

## **JULIÁN MARÍA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, MONXE EN SAMOS**

Nacera en Corral de Almaguer (Toledo) había 86 anos. En 1958 ingresa na abadía de Samos, profesando os votos en 1961. Foi chófer do abade de Samos Padre Mauro Gómez Pereira, encargouse da granxa de Viladetrés e da licorería. Tamén desempeñou labores como porteiro e guía de visitantes.

Faleceu o 31 de marzo de 2015.

## **REUNIÓN DO XII CONSELLO PRESBITERAL DIOCESANO**

Por orde do Sr. Bispo convocouse reunión do XII Consello Presbiteral Diocesano, en sesión ordinaria o día 26 de marzo de 2015 no Seminario diocesano de Lugo. Tratáronse as seguintes cuestións:

- Situación dos cemiterios ante a nova lexislación.
- Cuestións referidas ao patrimonio inmovible.
- Ano da Vida Consagrada na Diocese de Lugo.

## NOTICIAS VARIAS

### XANEIRO

#### **Infancia Misioneira 2015**

O domingo 25 de xaneiro celebrouse a Xornada da Infancia misioneira. Con este motivo durante unha semana o misioneiro espiritano Benedicto Sánchez (estivo máis de 20 anos en Angola) percorreu colexios, parroquias e diversas comunidades eclesiais dando a coñecer a realidade das misións e o labor que se realiza, grazas a esta campaña, na promoción integral e desenvolvemento da infancia en todo o mundo. O ano pasado a Diocese de Lugo recadou para esta campaña máis de 10.000 €.

O 23 de xaneiro houbo un encontro de nenos de Lugo na igrexa de San Antonio de Lugo.

O día 25 de xaneiro, ás 12.30 h, celebrouse unha Eucaristía para nenos na parroquia de San Francisco Xavier de Lugo.

#### **Encontros ecuménicos con motivo da Semana de oración pola unidade dos cristiáns**

No octavario de oración pola unidade dos cristiáns celebráronse os seguintes actos:

- Sábado 24 de xaneiro, celebración ecuménica na igrexa parroquial da Régoa, de Monforte de Lemos.
- Domingo 25 de xaneiro, celebración ecuménica na parroquia de Santiago a Nova, de Lugo. Tras este encontro, os asistentes participaron nunha merenda na igrexa evanxélica Boas Noticias.

## **Encontros de mozos**

O sábado, 24 de xaneiro, na Saleta (Siador) celebrouse durante todo o día o primeiro encontro de mozos da zona de Deza.

Este encontro está organizado pola Delegación de Mocidade da Diocese e ten a finalidade de reunir aos mozos dos distintos arciprestados para que se coñezan, compartan experiencias e intres de oración. O seguinte encontro corresponde á zona de Melide.

## **Eucaristía en honra da Virxe de Altagracia**

O domingo 25 de xaneiro, a parroquia da Milagrosa (Lugo) acolleu a celebración da Eucaristía en honra da Virxe de Altagracia, patroa da República Dominicana.

A esta Misa acudiron membros da comunidade dominicana residente en Lugo. Trala celebración, os asistentes tiveron un encontro lúdico nas dependencias parroquiais.

A Nosa Señora de Altagracia está considerada polos católicos do estado americano, como a Nai Protectora e Espiritual do seu país. O nome de "Altagracia" deriva do feito de levar a Virxe María a graza máis alta das outorgadas a un ser humano: ser a Nai de Xesús.

## **Celebración de Santo Tomé de Aquino no Seminario diocesano de Lugo**

O 28 de xaneiro, con motivo da festividade de Santo Tomé de Aquino o Seminario Diocesano de Lugo organizou os seguintes actos:

- 19 h: Eucaristía na Capela Maior presidida polo Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco
- 20 h: No Aula Magna, conferencia sobre Santa Teresa de Jesús: "Santa Teresa, Mestra de experiencia", a cargo do especialista e editor das obras desta santa, o P. Salvador Ros García.

## **Os colexios relixiosos de Lugo celebraron o Día da paz**

O 29 de xaneiro, os colexios católicos de Lugo celebraron conxuntamente o Día da paz cunha marcha silenciosa pola muralla, na que portaron pancartas elaboradas polos alumnos. Ao finalizar o percorrido entraron na Catedral para ter un momento de oración ante o altar do Bo Xesús e estiveron acompañados polo Bispo da Diocese, Mons. Alfonso Carrasco.

Esta celebración escolar da paz e a non violencia tiña por lema: "Somos luz, somos paz".

## **I XORNADAS CATÓLICOS E VIDA PÚBLICA EN LUGO**

Baixo o título "Católicos, sociedade e política" os días 30 e 31 de xaneiro celebráronse as I Xornadas Católicos e Vida Pública de Lugo, organizadas pola Asociación Católica de Propagandistas en colaboración coa Delegación de Apostolado Segrar da Diocese.

O tema elixido para a reflexión congregou, nos salóns dun céntrico hotel da cidade lucense, a un público participativo e moi interesado en obter ideas e liñas de acción ante unha realidade, a da actual crise de valores, que esixe unha resposta por parte dos católicos.

Precisamente, neste sentido manifestouse o Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco, no acto de inauguración das xornadas ao sinalar "a urxencia de que tomemos conciencia da nosa obriga e responsabilidade como católicos de participar na sociedade achegando a nosa tradición e valores evanxélicos". Nese mesmo acto inaugural, o director xerente do Patronato da Fundación Cultural Angel Herrera Oria, Raúl Mayoral, destacou a axuda prestada pola Asociación de Propagandistas ao facilitar, como sinalou tamén a creación de foros de encontro, reflexión e debate "nos que os católicos podamos alzar a voz e, en definitiva, estar presentes na vida pública".

### ***O compromiso e a coherencia, eixes da actuación dos católicos***

O Director Xerente do Patronato da Fundación Cultural Angel Herrera Oria, Raúl Mayoral, abría as xornadas cunha conferencia sobre "o compromiso sociopolítico do cristián". Comezou analisando a situación actual na que vivimos, sinalou os retos máis significativos aos que nos enfrenta-

mos os católicos neste momento, e aportou, finalmente, as claves para facerlles fronte.

“A nosa actuación como católicos –sinalou Mayoral–, está suxeita aos deberes de coherencia e compromiso, pero tamén ao do exercicio da liberdade; e de todo iso, dérivase unha esixencia moral de responsabilidade na súa tripla dimensión de compromiso, participación e diálogo”. Raúl Mayoral foi tallante ao afirmar que ante o materialismo e o relativismo que o inunda todo, os católicos temos o deber de non abandonar nin ignorar a acción social e pública, senón que debemos participar activamente expoñendo as nosas conviccións para contribuír á mellora da sociedade: “exercendo a nosa influencia na rúa, nos medios de comunicación, en asociacións e, ata, na política, serviremos ao ben común”.

### ***A crise actual, causas e solucións***



**Elena Otero-Novas, momentos antes da súa intervención**

O segundo día das xornadas comezou cunha conferencia da avogada do Estado, Elena Otero-Novas, na que se abordou o tema da crise política, económica e social e a resposta que dá a doutrina social da Igrexa.

Na súa intervención, Elena Otero-Novas, fixo un breve e certa análise das causas da crise na que está inmersa Europa comparándoa coa situación vivida no período de entreguerras: “hoxe confúndese o respecto, coa di-

solución da propia cultura e identidade. Renégase das nosas raíces cristiás e imponse unha visión laicista na que todo o relixioso, incluídos os valores morais públicos conectados coa relixión, debe de saír do espazo público". Fronte a isto, a obriga dos católicos, en opinión de Otero-Novas, é a de non resignarse e reaccionar, saír "á praza pública para ter presenza na sociedade, recuperar a nosa herdanza espiritual e empezar a cambiar o rumbo das cousas a través da acción". Na súa intervención apelou á necesidade de recuperar os principios de solidariedade e subsidiariedade e os valores que defenden a dignidade das persoas, fronte aos excesos do poder público.

### ***Católicos con responsabilidades públicas***

A segunda parte da mañá do sábado 31 de xaneiro, estivo dedicada á mesa redonda na que compartiron a súa experiencia, persoas con cargos de



**Mesa redonda con José Videla, José Vázquez Portomeñe e Alfredo Losada (de esqda a dta)**

responsabilidade na vida pública: o ex subdelegado do Goberno, José Vázquez Portomeñe, o decano da Facultade de comunicación da Universidade da Coruña, José Videla e o delegado da Axencia Tributaria en Lugo, José María Núñez. Todos eles coincidiron, ao comezar a súa intervención, na importancia da familia e da educación na transmisión dos valores cristiáns.

O ex delegado do Goberno sinalou que a participación dos cristiáns no público significa “non renunciar ao que somos nin aos nosos valores, ao contrario, é noso deber proxectalos na nosa actividade”. Pola súa banda, Juan José Videla, como xornalista quixo recordar a importancia dos medios de comunicación e a necesidade de que a Igrexa os utilice correctamente. E finalmente, José María Núñez, recalcou o papel dos católicos como axentes dinamizadores dunha sociedade máis xusta e libre.

### **Clausura**

Clausuraron as I Xornadas Católicos e Vida Pública de Lugo o director de Xornadas Católicos e Vida Pública, Juan Caamaño Aramburu, o vice-consiliario nacional da ACdP, Andrés Ramos e o bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco. Todos eles coincidiron en sinalar a necesidade e interese que teñen estas xornadas como espazos de reflexión e diálogo. E así o recalcou Juan Caamaño ao recordar que entre as finalidades destes encontros está “fomentar o debate respetuoso e aproveitar o coñecemento e a experiencia dos relatores para lograr unha mellor formación, que nos axude na nosa obriga de estar presentes na sociedade”.

Finalmente, Mons. Alfonso Carrasco, agradeceu o labor da Asociación Católica de Propagandistas por organizar estas xornadas na Diocese “prestándonos un servizo tan significativo para concienciar ao laicado da importancia da dimensión pública da fe”.

A celebración destas xornadas en Lugo era un proxecto pensado facía dous anos e que finalmente puido ver a luz a finais do mes de xaneiro deste 2015. A seriedade e calidade de todas as intervencións quedou patente coa boa acollida recibida polo público asistente, que expresou o seu desexo de que nun futuro volvan a organizarse as xornadas nesta cidade.

### **Cadea de oración pola Vida Consagrada**

O domingo 1 de febreiro, a Catedral acolleu a primeira vixilia de oración con motivo da celebración este ano dedicado á Vida Consagrada.

Ao longo deste ano van sucedéndose estas vixilias en distintas parroquias da Diocese nas que hai presenza de comunidades relixiosas. Con esta iniciativa preténdese dar a coñecer a súa presenza, unirse a elas na oración e agradecer o inestimable labor que realizan.

## XORNADAS ABERTAS DE TEOLOXÍA

As XXIX Xornadas Abertas de Teoloxía tiveron como tema “A Vida Consagrada. Aos 50 anos do Concilio Vaticano II”

O programa das Xornadas foi o seguinte:

### ***Martes 3 de febreiro***

Mesa redonda baixo o título “A Vida Relixiosa: Paixón por Deus, paixón polo home” coordinada polo Salesiano, Xavier Blanco e con intervencións da representante da Alianza en Xesús por María, Josefina Palmeiro; a Relixiosa da Asunción, Adoración Matas Duque; a Fillla da Caridade, Sor Julia do Barrio e o misioneiro Comboniano, Juan Antonio Fraile Gómez.

### ***Mércores 4 de febreiro***

Conferencia: “A misión da Vida Consagrada e a Nova Evanxelización”  
Relatora: Directora do Secretariado da Conferencia Episcopal Española para a Vida Consagrada, Lourdes Grosso García

### ***Xoves 5 de febreiro***

Conferencia: “A Vida Consagrada aos 50 anos do Concilio Vaticano II”  
Relator: Cardeal Antonio María Rouco Varela



Conferencia do Cardeal Antonio María Rouco Varela

## FEBREIRO

### **Constitución da Comisión de Patrimonio Histórico-Artístico e de Liturxia da Diocese de Lugo**

O 2 de febreiro tomaron posesión do seu cargo os membros da Comisión de Patrimonio Histórico-Artístico e de Liturxia da Diocese. O Bispo Alfonso Carrasco Rouco fixo entrega do nomeamento e dos estatutos desta Comisión a todos os seus compoñentes.

A Comisión de Patrimonio Histórico-Artístico e de Liturxia ten como misión a de ser un organismo consultivo en materia de conservación, defensa, incremento e difusión do patrimonio histórico, artístico, documental e bibliográfico da Igrexa diocesana de Lugo.



**Membros da Comisión de Patrimonio Histórico-Artístico e de Liturxia**

Está constituída polos seguintes membros:

- Presidente, o Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco.
- Membros natos, en razón do seu cargo e mentres dure o mesmo:
  - o Delegado de Patrimonio Histórico-Artístico e Director do Museo Diocesano Catedralicio: César Manuel Carnero Rodríguez;

- o Delegado de Patrimonio de Bens inmobles: Miguel Angel Gómez Vázquez;
  - o Delegado de Liturxia: José Antonio Ferreiro Varela;
  - o Director do Arquivo Histórico da Diocese: Óscar González Murado.
- Por libre designación e durante un período de tres anos:
- a licenciada en Belas Artes e restauradora: Vania López Arias,
  - a licenciada en Historia da Arte, Medievalista e Museóloga: Carolina Casal;
  - o licenciado en Arquitectura: José María Alonso Montero.

### **Reunión da Xunta de Confrarías de Semana Santa de Lugo**

Houbo unha reunión da Xunta de Confrarías, presidida polo Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco, para preparar as celebracións de Semana Santa.

Ademais da rendición de contas, tratáronse os seguintes temas:

- Pregón: Deuse a coñecer o nome da pregoeira para este ano, será a coñecida xornalista e escritora Sonsoles Ónega, e celebrarase o 21 de marzo na igrexa de Santiago A Nova.
- Cartel: A cargo do fotógrafo artístico Eduardo Ochoa, quen vén colaborando moi estreitamente coa Xunta de Confrarías desde fai moitos anos.
- Concerto e Exposición: Este ano complétase o programa de Semana Santa cun concerto coral de música sacra e cunha exposición de esculturas de metal de gran tamaño.
- XIII ciclo de conferencias *Occidente ante o Século XXI* os días 13, 16 e 18 de marzo no salón de actos da Deputación Provincial.

## MARZO

### **Pregón de Semana Santa e exposición**

O 20 de marzo inaugurouse no claustro da catedral de Lugo a exposición "A redención do home", obra do escultor Raimundo Rubal Nogueira. As pezas expostas representan tres momentos culminantes da paixón e morte de Cristo.

O sábado, 21 de marzo, na igrexa de Santiago A Nova de Lugo, pronunciouse o pregón da Semana Santa a cargo da xornalista e escritora Sonsoles Ónega. Neste acto houbo un concerto a cargo da mezzosoprano Elisabet Filgueira Gesteira, que estivo acompañada ao piano por David Robles Pacho.

### **A Casa de Galicia acolleu a presentación en Madrid da Semana Santa de Lugo**

O 25 de marzo a Casa de Galicia, delegación da Xunta en Madrid, acolleu a presentación en Madrid da Semana Santa de Lugo, co obxectivo de dar a coñecer e difundir, entre medios e público en xeral, a tradicional Semana Santa lucense e todos os atractivos que a rodean.



**Momento da presentación da Semana Santa lucense  
na Casa de Galicia en Madrid**

No acto, que estivo presidido polo delegado da Xunta en Madrid e director da Casa, José Ramón Ónega, interviñeron a concelleira de Cultura, Turismo, Mocidade e Promoción da Lingua de Lugo, Carmen Basadre; o delegado de Patrimonio Histórico-Artístico da Diocese de Lugo, César Carnero; e o coordinador xeral da Xunta de Confrarías da Semana Santa de Lugo, Ramón Basanta.

Pola súa banda, Carmen Basadre explicou que “esta celebración relixiosa ten moita tradición na cidade e son moitas as persoas que cada ano achéganse a Lugo para seguir as vistosas procesións”.

Para César Carnero, delegado de Patrimonio Histórico-Artístico da Diocese de Lugo, a Semana Santa de Lugo está íntimamente ligada ao privilexio da exposición permanente do Santísimo Sacramento no Altar Maior da Catedral. A tradición eucarística de Lugo, plásmase en que, desde o ano 1963, a procesión do Xoves Santo é a única en España en que a Sagrada forma sae a procesionar polas rúas da cidade e no acto excepcional que se desenvolve na mañá de Pascua consistente no encontro entre Cristo Resucitado e a súa Nai.

O coordinador da Xunta de Confrarías de Lugo, Ramón Basanta salientou que cada ano é máis numerosa a participación na Semana Santa lucense porque conta con “peculiaridades e privilexios excepcionais que a fan completamente diferente á doutros lugares de España e, xa que logo, merecedora de ser visitada”.

Durante a presentación, proxecciónse preto dun cento de magníficas imaxes de Lugo e a súa Semana Santa.

## **Eucaristía conmemorativa do V Centenario do nacemento de Santa Teresa**

O sábado 28 de marzo ás 12 h no Convento das Carmelitas Descalzas de Muxa, o Bispo da Diocese, Mons. Alfonso Carrasco Rouco, presidiu a Eucaristía conmemorativa do V Centenario do nacemento de Santa Teresa de Xesús.

## **Bendición de Ramos**

O domingo 29 de marzo ás 11.30 h celebrouse na praza de Santa María a Bendición de Ramos. A continuación tivo lugar a procesión da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén e, ao finalizar, celebrouse a Eucaristía na Catedral que estivo presidida polo Bispo da Diocese, Mons. Alfonso Carrasco Rouco.

## **ABRIL**

### **Celebración da Misa Crismal**

O 1 de abril, ás 11 h na Catedral de Lugo, o Bispo Mons. Carrasco Rouco, presidiu a Misa Crismal, na que concelebran os sacerdotes da Diocese.

Nesta celebración, que manifesta a comunión do Bispo cos seus presbíteros, bendínanse os óleos que despois se reparten ás parroquias da Diocese para a administración dos sacramentos ao longo do ano.



**Momento da celebración da Misa Crismal**

## Horta solidaria de San Antonio

Cáritas parroquial de San Antonio de Padua (Lugo) conta co proxecto *Horta Solidaria*. Esta iniciativa, que xorde dos propios fregueses da parroquia para paliar as situacións de pobreza que afectan a este barrio da cidade.

O día 11 de abril comezou a plantación de patacas nas terras da zona de Saamasas que os veciños cederon para o cultivo. Entre todos fanse cargo dos gastos económicos, da compra da semente, dos abonos, da contratación de maquinaria... e colaboran, ademais, na realización dos traballos necesarios para o mantemento da horta (arar, abonar, fresar...)

Entre os obxectivos desta iniciativa están:

1. Crear un clima de fraternidade e de caridade entre os membros desta comunidade parroquial.
2. Auxiliar de modo eficaz as necesidades das familias máis afectadas pola lacra da pobreza.
3. Crear un espazo orixinal de encontro e integración para as persoas que reciben axuda, no que se fomenten valores como o respecto e o esforzo.
4. Manter un campo de traballo cooperativo que sexa un exemplo e estímulo para a solidariedade.
5. Fomentar o uso das terras en estado de abandono.
6. Recuperar os cometidos tradicionais do campo galego.
7. Ser parroquia en saída e significar con feitos a fe celebrada e vivida.

## V Congreso de Educadores Católicos

O sábado 25 de abril, o Gran Hotel Lugo acolleu o V Congreso de Educadores Católicos que organizan conxuntamente as delegacións de Ensino e Pastoral Universitaria da Diocese de Lugo. Este Congreso levaba por título *Educar na fe para a sociedade*.

Estes Congresos naceron coa intención de ser un espazo de encontro, comunicación e diálogo entre educadores, en especial dos católicos. Nestes encontros trátanse temas diversos e de actualidade referidos ás grandes preocupacións do momento. Nesta ocasión tratarase a presenza

e importancia da educación católica nas sociedades democráticas; a necesidade de educar para a solidariedade e o servizo da sociedade fronte a unha educación egoísta e competitiva e, tamén, falarase sobre a importancia da educación da intelixencia espiritual como necesario complemento na formación de todo ser humano.

O Congreso iniciouse cunha conferencia do ex alcalde de A Coruña e ex embaixador de España ante a Santa Sé, Francisco Vázquez Vázquez, que levaba por título: *Cristianismo, escola e vida pública*.



**Asistentes ao Congreso de Educadores Católicos**

A continuación, a profesora de Relixión en institutos de Zaragoza e coordinadora do equipo de Innovación Pedaxóxica da delegación Episcopal de Ensino do Arcebispado de Zaragoza, Isabel Gómez Villalba, falou de como educar a intelixencia espiritual.

Pola tarde fíxose unha homenaxe ao Colexio A Asunción de Sarria que cumpre 50 anos. En representación do centro educativo interviu a que foi superiora desta comunidade ata setembro de 2014, Cristina Massó de Ariza.

Pechou as conferencias o Delegado Episcopal de Cáritas na Diocese de Lugo, Antón Negro Expósito, cunha intervención sobre a escola e acción solidaria.

## APORTACIÓN DA DIOCESE PARA RESTAURACIÓN E REHABILITACIÓN DE IGREXAS E RECTORAIS NO ANO 2014

### Igrexas

ALBEIROS, San Lourenzo	24.000,00 €
ANSAR San Esteban	7.500,00 €
ANSEÁN, Santiago	10.000,00 €
ANXELES, San Mamede	800,00 €
ARROXO, San Martiño	4.551,55 €
BAIÑA, San Pedro	10.000,00 €
BERREDO, Santa María	4.300,00 €
BOLAÑO, Santa Baia	5.000,00 €
CASTELO (Sagrado Corazón)	10.000,00 €
CASTRO DE AMARANTE, Sto. Estevo	8.000,00 €
CHANTADA. Sta. Mariña	17.000,00 €
GÁNDARAS, San Xosé	12.800,00 €
GOIAN, San Miguel	3.800,00 €
GOMELLE, Santiago	5.000,00 €
GUILLAR, San Martiño	2.000,00 €
LIER, Santa María	3.000,00 €
MARTÍN, Santiago (Capela de Fórneas)	3.000,00 €
MARTUL, San Pedro	18.000,00 €
MARZÁS, Santa María	18.000,00 €
MATELA, Sta. Mª Madanela	10.000,00 €
MONTE DE MEDA, S. Martiño	12.000,00 €
OLEIROS, San Miguel	12.000,00 €
OUROL, San Xulián	3.600,00 €
PALAS DE Rei, S. Tirso	1.500,00 €

PEDROSO San Xiao	1.200,00 €
PRADO, San Martiño	5.500,00 €
RECESENDE, San Cirilo	16.500,00 €
TIRIMOL, San Xoán	13.000,00 €
TOQUES, Santa Eufemia	350,00 €
VILAESTEVA, San Salvador	14.495,80 €
VILASOUTO, San Mamede	90.000,00 €
↳ (Convenio coa Deputación Provincial de Lugo)	
VILATUXE, San Lourenzo	4.500,00 €
VISUÑA, Santa Eufemia	16.000,00 €

### **Rectorais**

ANSAR, Santo Estevo	30.000,00 €
BARCIA, Santo Estevo	18.500,00 €
↳ (Aportación Santuario O Corpiño)	
CASTRO DE DOZÓN, Santa María	17.000,00 €
CERCEDA, San Pedro	35.000,00 €
DISTRIZ, Santo André.	3.000,00 €
ESPORIZ, San Miguel	1.500,00 €
MELIDE, San Pedro	60.000,00 €
↳ (Convenio Xunta)	
MOREIRA, Santa María	31.000,00 €
OUTEIRO DE REI, San Xoán	250,00 €
PEDRAZA, Santa María	600,00 €
PINOL, San Vicente	1.500,00 €
RIBAS DE MIÑO, San Facundo	48.500,00 €
↳ (Convenio coa Deputación Provincial de Lugo)	
LOSON, San Pedro	21.000,00 €
↳ (Aportación Santuario O Corpiño)	
PIAS, San Vicente	2.900,00 €
VILAR, Santa María	500,00 €
SOÑAR, San Pedro	1.000,00 €
VILAMOR, San Vicente	4.000,00 €
VILANOVA, San Xoán	3.800,00 €

# Obispos de Galicia



- Nota dos bispos da provincia eclesiástica de Santiago ante a solemnidade de San Xosé
- Nota dos bispos de Galicia con ocasión da Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento



## **NOTA DOS BISPOS DA PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE SANTIAGO ANTE A SOLEMNIDADE DE SAN XOSÉ**

A persoa e a vida de san Xosé teñen unha grande importancia na historia da nosa salvación, que foi recoñecida sempre pola sagrada liturxia e as leis canónicas ao propoñer a súa festa coma día de precepto (cf. Can. 1246). Tradicionalmente o pobo cristiá secundou esta norma, dando un significativo realce familiar e social á festa do 19 de marzo.

No presente ano de 2015, o día 19 de marzo foi declarado laborable pola autoridade civil da Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto, considérase, civilmente, como día normal de traballo.

Tendo en conta o arraigamento desta festividade no noso pobo, os Bispos das Dioceses da Provincia Eclesiástica de Santiago nesta circunstancia, para a orientación da conciencia dos nosos fieis, dispoñemos:

1. Manter o 19 de marzo, solemnidade de San Xosé, festa de precepto, coa obriga de participar na Santa Misa, aínda que sexa laboralmente hábil.
2. Aqueles fieis que teñan xornada laboral ordinaria quedan dispensados do precepto, aínda que se lles pide e recomenda vivamente a participación na Eucaristía dese día de festa dedicado a San Xosé, Esposo da Virxe e Patrón da Igrexa Universal.
3. Recoméndase a todos os sacerdotes, máxime aos párrocos e reitores de igrexas, que dean as facilidades oportunas para cumprir co precepto a todos os fieis cristiáns, facilitando un horario apropiado para iso.
4. Pedir, igualmente, aos párrocos e reitores de igrexas que comuniquen aos fieis o contido desta nota e os horarios de misas coa debida antelación.

5. Ao coincidir a celebración do Día do Seminario coa festividade de San Xosé, a oración e a colecta para o Seminario serán trasladadas á tarde do sábado, día 21, e ao domingo, día 22 de marzo.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2015.

+ Julián, Arcebispo de Santiago  
+ Luis, Bispo de Tui-Vigo  
+ Manuel, Bispo de Mondoñedo-Ferrol  
+ Alfonso, Bispo de Lugo  
+ José Leonardo, Bispo de Ourense  
+ Jesús, Bispo Auxiliar de Santiago

## **NOTA DOS BISPOS DE GALICIA CON OCASIÓN DA OFRENDA DO REINO DE GALICIA AO SANTÍSIMO SACRAMENTO**

A antiga tradición da Ofrenda das sete cidades do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento en Lugo foi posta en cuestión radicalmente nestes días. Xerouse un debate sobre a lexitimidade desta tradición nunha sociedade democrática en nome da “laicidade” do Estado, tal como a entenden algúns grupos ou partidos políticos.

A obxección non afecta só ao sentido deste xesto concreto tan significativo na nosa terra, senón que se refire á relación entre as nosas institucións políticas e a vida dunha sociedade libre, da que forma parte e é tamén expresión a Igrexa. Por iso, parece moi conveniente tomar en consideración con calma estes argumentos, en primeiro lugar para intentar comprender mellor o sentido deste xesto que se celebra en Lugo, e logo para evitar extraer conclusións que poderían ser erróneas.

A “laicidade” do Estado significa que este, nos seus responsables e institucións, non fai propia ningunha ideoloxía (ateísmo, por exemplo) ou relixión, nin polo tanto, as impón á sociedade; senón que, ao contrario, afirma o respecto e a promoción da liberdade e dos dereitos dos cidadáns, tanto na súa vida individual como comunitaria.

Polo tanto, a “laicidade” do Estado respecta e promove a variedade de conviccións existentes na sociedade. Esta, por definición, non será nunca “laica”; pois as persoas non poden ser neutras, carentes dalgunha forma de comprensión do mundo, de conviccións crentes, ideolóxicas ou relixiosas.

Noutros termos, as institucións do Estado, que non profesan unha fe determinada, sábense en cambio ao servizo dunha sociedade que sempre profesa algunha. Isto foi ben expresado no art.º 16 da nosa Constitución, que defende a liberdade de todos afirmando a non confesionalidade do

Estado e, igualmente, comprende o valor da relación cunha parte tan significativa na nosa sociedade como é a Igrexa católica.

A “laicidade” do Estado sería destruída, non obstante, se se intentase facer das institucións políticas instrumento para a imposición da propia ideoloxía ou relixión á sociedade, ao pobo ao que se ha de servir.

O caso da Ofrenda ponnos ante unha tradición con moi profundas raíces na historia do noso pobo; máis aínda, é o único xesto público que aínda se refire ao Antigo Reino de Galicia. Responde evidentemente á nosa cultura e relixión de séculos, que hoxe segue viva en moitos galegos.

A “laicidade” do Estado non pode consistir en negar a relevancia pública deste xesto tan propio de Galicia, só polo feito da súa forma cristiá. Non corresponde ao Estado excluír aos cristiáns e ás súas celebracións do ámbito público e reducilos ao privado. En efecto, a Ofrenda non é unha parte da actividade propia das “institucións políticas”, senón da vida pública da nosa sociedade, sen dúbida moito máis ampla que a puramente política. Por iso, esta Ofrenda podería non celebrarse, se perdese o seu humus vital na sociedade galega. Pero hoxe en día, non obstante, a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia é un xesto cargado de significado; segue viva, como a tradición cristiá en Galicia.

O representante político non acode a un acto semellante como persoa privada, para expresar as súas conviccións ideolóxicas persoais, senón na súa específica función pública, precisamente a causa da “laicidade” das institucións, que recoñecen o valor dun xesto tan expresivo da vida do noso pobo.

Por outra parte, esta Ofrenda ten a peculiaridade de que se realiza en Lugo; e iso contribúe de modo moi significativo á percepción da historia da Galicia real, plural, con varios centros de referencia, que é moi necesario ter en conta hoxe.

A Ofrenda pon de manifesto o significado na historia galega das sete cidades do Antigo Reino, Lugo, A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Mondoñedo, Betanzos e Tui. Polo que, para a cidade lucense, e en medidas diversas para as outras, a posta en cuestión da Ofrenda supón un menoscabo importante da súa identidade mesma.

Máis alá das circunstancias particulares deste ano, confiamos en que esta tradición da Ofrenda ao Santísimo seguirá estando viva, facendo pal-

pable a identidade que expresa o escudo galego mesmo: a pluralidade das sete cruces que rodean o símbolo daquela fe coa que os nosos pais construíron Galicia durante moitas xeracións.

A “laicidade” que caracteriza o noso Estado non o impedirá, porque está destinada precisamente a garantir o respecto e a promoción da liberdade do seu pobo, e, en primeiro lugar, o respecto ás súas conviccións máis fondas, á súa fe, expresada privada ou publicamente.

Todos os galegos poden sentirse invitados a participar nesta celebración, na que se expresa a súa historia e a súa identidade, e na que cada un e cada cidade teñen un lugar propio.

- + Julián Barrio Barrio, Arcebispo de Santiago
- + Alfonso Carrasco Rouco, Bispo de Lugo
- + Luis Quinteiro Fiuza, Bispo de Tui-Vigo
- + Leonardo Lemos Montanet, Bispo de Ourense
- + Jesús Fernández González, Bispo Auxiliar de Santiago
- + José Diéguez Reboredo, Bispo Emérito de Tui-Vigo



# Santa Sede



- Misericordiae Vultus: bula de convocación del jubileo extraordinario de la misericordia



## MISERICORDIAE VULTUS

### BULA DE CONVOCACIÓN DEL JUBILEO EXTRAORDINARIO DE LA MISERICORDIA

FRANCISCO  
OBISPO DE ROMA  
SIERVO DE LOS SIERVOS DE DIOS  
A CUANTOS LEAN ESTA CARTA  
GRACIA, MISERICORDIA Y PAZ

1. Jesucristo es el rostro de la misericordia del Padre. El misterio de la fe cristiana parece encontrar su síntesis en esta palabra. Ella se ha vuelto viva, visible y ha alcanzado su culmen en Jesús de Nazaret. El Padre, «rico en misericordia» (*Ef 2, 4*), después de haber revelado su nombre a Moisés como «Dios compasivo y misericordioso, lento a la ira, y pródigo en amor y fidelidad» (*Ex 34, 6*) no ha cesado de dar a conocer en varios modos y en tantos momentos de la historia su naturaleza divina. En la «plenitud del tiempo» (*Gal 4, 4*), cuando todo estaba dispuesto según su plan de salvación, Él envió a su Hijo nacido de la Virgen María para revelarnos de manera definitiva su amor. Quien lo ve a Él ve al Padre (cfr *Jn 14, 9*). Jesús de Nazaret con su palabra, con sus gestos y con toda su persona<sup>1</sup> revela la misericordia de Dios.

2. Siempre tenemos necesidad de contemplar el misterio de la misericordia. Es fuente de alegría, de serenidad y de paz. Es condición para nuestra salvación. Misericordia: es la palabra que revela el misterio de la Santísima Trinidad. Misericordia: es el acto último y supremo con el cual

---

<sup>1</sup> Cfr Conc. Ecum. Vat. II, Const. dogm. *Dei Verbum*, 4

Dios viene a nuestro encuentro. Misericordia: es la ley fundamental que habita en el corazón de cada persona cuando mira con ojos sinceros al hermano que encuentra en el camino de la vida. Misericordia: es la vía que une Dios y el hombre, porque abre el corazón a la esperanza de ser amados para siempre no obstante el límite de nuestro pecado.

3. Hay momentos en los que de un modo mucho más intenso estamos llamados a tener la mirada fija en la misericordia para poder ser también nosotros mismos signo eficaz del obrar del Padre. Es por esto que he anunciado un *Jubileo Extraordinario de la Misericordia* como tiempo propicio para la Iglesia, para que haga más fuerte y eficaz el testimonio de los creyentes.

El Año Santo se abrirá el 8 de diciembre de 2015, solemnidad de la Inmaculada Concepción. Esta fiesta litúrgica indica el modo de obrar de Dios desde los albores de nuestra historia. Después del pecado de Adán y Eva, Dios no quiso dejar la humanidad en soledad y a merced del mal. Por esto pensó y quiso a María santa e inmaculada en el amor (cfr *Ef* 1, 4), para que fuese la Madre del Redentor del hombre. Ante la gravedad del pecado, Dios responde con la plenitud del perdón. La misericordia siempre será más grande que cualquier pecado y nadie podrá poner un límite al amor de Dios que perdona. En la fiesta de la Inmaculada Concepción tendré la alegría de abrir la Puerta Santa. En esta ocasión será una *Puerta de la Misericordia*, a través de la cual cualquiera que entrará podrá experimentar el amor de Dios que consuela, que perdona y ofrece esperanza.

El domingo siguiente, III de Adviento, se abrirá la Puerta Santa en la Catedral de Roma, la Basílica de San Juan de Letrán. Sucesivamente se abrirá la Puerta Santa en las otras Basílicas Papales. Para el mismo domingo establezco que en cada Iglesia particular, en la Catedral que es la Iglesia Madre para todos los fieles, o en la Concatedral o en una iglesia de significado especial se abra por todo el Año Santo una idéntica *Puerta de la Misericordia*. A juicio del Ordinario, ella podrá ser abierta también en los Santuarios, meta de tantos peregrinos que en estos lugares santos con frecuencia son tocados en el corazón por la gracia y encuentran el camino de la conversión. Cada Iglesia particular, entonces, estará directamente comprometida a vivir este Año Santo como un momento extraordinario

de gracia y de renovación espiritual. El Jubileo, por tanto, será celebrado en Roma así como en las Iglesias particulares como signo visible de la comunión de toda la Iglesia.

4. He escogido la fecha del 8 de diciembre por su gran significado en la historia reciente de la Iglesia. En efecto, abriré la Puerta Santa en el quincuagésimo aniversario de la conclusión del Concilio Ecuménico Vaticano II. La Iglesia siente la necesidad de mantener vivo este evento. Para ella iniciaba un nuevo periodo de su historia. Los Padres reunidos en el Concilio habían percibido intensamente, como un verdadero soplo del Espíritu, la exigencia de hablar de Dios a los hombres de su tiempo en un modo más comprensible. Derrumbadas las murallas que por mucho tiempo habían recluso la Iglesia en una ciudadela privilegiada, había llegado el tiempo de anunciar el Evangelio de un modo nuevo. Una nueva etapa en la evangelización de siempre. Un nuevo compromiso para todos los cristianos de testimoniar con mayor entusiasmo y convicción la propia fe. La Iglesia sentía la responsabilidad de ser en el mundo signo vivo del amor del Padre.

Vuelven a la mente las palabras cargadas de significado que san Juan XXIII pronunció en la apertura del Concilio para indicar el camino a seguir: «En nuestro tiempo, la Esposa de Cristo prefiere usar la medicina de la misericordia y no empuñar las armas de la severidad... La Iglesia Católica, al elevar por medio de este Concilio Ecuménico la antorcha de la verdad católica, quiere mostrarse madre amable de todos, benigna, paciente, llena de misericordia y de bondad para con los hijos separados de ella»<sup>2</sup>. En el mismo horizonte se colocaba también el beato Pablo VI quien, en la Conclusión del Concilio, se expresaba de esta manera: «Queremos más bien notar cómo la religión de nuestro Concilio ha sido principalmente la caridad... La antigua historia del samaritano ha sido la pauta de la espiritualidad del Concilio... Una corriente de afecto y admiración se ha volcado del Concilio hacia el mundo moderno. Ha reprobado los errores, sí, porque lo exige, no menos la caridad que la verdad, pero, para las personas, sólo invitación, respeto y amor. El Concilio ha enviado al mundo contemporáneo en lugar de deprimentes diagnósticos, remedios alentadores,

---

2 Discurso de apertura del Conc. Ecum. Vat. II, *Gaudet Mater Ecclesia*, 11 de octubre de 1962, 2-3

en vez de funestos presagios, mensajes de esperanza: sus valores no sólo han sido respetados sino honrados, sostenidos sus incesantes esfuerzos, sus aspiraciones, purificadas y bendecidas... Otra cosa debemos destacar aún: toda esta riqueza doctrinal se vuelca en una única dirección: servir al hombre. Al hombre en todas sus condiciones, en todas sus debilidades, en todas sus necesidades»<sup>3</sup>.

Con estos sentimientos de agradecimiento por cuanto la Iglesia ha recibido y de responsabilidad por la tarea que nos espera, atravesaremos la Puerta Santa, en la plena confianza de sabernos acompañados por la fuerza del Señor Resucitado que continua sosteniendo nuestra peregrinación. El Espíritu Santo que conduce los pasos de los creyentes para que cooperen en la obra de salvación realizada por Cristo, sea guía y apoyo del Pueblo de Dios para ayudarlo a contemplar el rostro de la misericordia<sup>4</sup>.

5. El Año jubilar se concluirá en la solemnidad litúrgica de Jesucristo Rey del Universo, el 20 de noviembre de 2016. En ese día, cerrando la Puerta Santa, tendremos ante todo sentimientos de gratitud y de reconocimiento hacia la Santísima Trinidad por habernos concedido un tiempo extraordinario de gracia. Encomendaremos la vida de la Iglesia, la humanidad entera y el inmenso cosmos a la Señoría de Cristo, esperando que derrame su misericordia como el rocío de la mañana para una fecunda historia, todavía por construir con el compromiso de todos en el próximo futuro. ¡Cómo deseo que los años por venir estén impregnados de misericordia para poder ir al encuentro de cada persona llevando la bondad y la ternura de Dios! A todos, creyentes y lejanos, pueda llegar el bálsamo de la misericordia como signo del Reino de Dios que está ya presente en medio de nosotros.

6. «Es propio de Dios usar misericordia y especialmente en esto se manifiesta su omnipotencia»<sup>5</sup>. Las palabras de santo Tomás de Aquino muestran cuánto la misericordia divina no sea en absoluto un signo de debilidad, sino más bien la cualidad de la omnipotencia de Dios. Es por esto que la liturgia, en una de las colectas más antiguas, invita a orar diciendo:

---

3 *Alocución en la última sesión pública*, 7 de diciembre de 1965

4 Cfr Conc. Ecum. Vat. II, Const. dogm. *Lumen gentium*, 16; Const. past. *Gaudium et spes*, 15

5 Santo Tomás de Aquino, *Summa Theologiae*, II-II, q. 30, a. 4

«Oh Dios que revelas tu omnipotencia sobre todo en la misericordia y el perdón»<sup>6</sup>. Dios será siempre para la humanidad como Aquel que está presente, cercano, providente, santo y misericordioso.

“Paciente y misericordioso” es el binomio que a menudo aparece en el Antiguo Testamento para describir la naturaleza de Dios. Su ser misericordioso se constata concretamente en tantas acciones de la historia de la salvación donde su bondad prevalece por encima del castigo y la destrucción. Los Salmos, en modo particular, destacan esta grandeza del proceder divino: «Él perdona todas tus culpas, y cura todas tus dolencias; rescata tu vida del sepulcro, te corona de gracia y de misericordia» (103, 3-4). De una manera aún más explícita, otro Salmo testimonia los signos concretos de su misericordia: «Él Señor libera a los cautivos, abre los ojos de los ciegos y levanta al caído; el Señor protege a los extranjeros y sustenta al huérfano y a la viuda; el Señor ama a los justos y entorpece el camino de los malvados» (146, 7-9). Por último, he aquí otras expresiones del salmista: «El Señor sana los corazones afligidos y les venda sus heridas. [...] El Señor sostiene a los humildes y humilla a los malvados hasta el polvo» (147, 3.6). Así pues, la misericordia de Dios no es una idea abstracta, sino una realidad concreta con la cual Él revela su amor, que es como el de un padre o una madre que se conmueven en lo más profundo de sus entrañas por el propio hijo. Vale decir que se trata realmente de un amor “visceral”. Proviene desde lo más íntimo como un sentimiento profundo, natural, hecho de ternura y compasión, de indulgencia y de perdón.

7. “Eterna es su misericordia”: es el estribillo que acompaña cada verso del Salmo 136 mientras se narra la historia de la revelación de Dios. En razón de la misericordia, todas las vicisitudes del Antiguo Testamento están cargadas de un profundo valor salvífico. La misericordia hace de la historia de Dios con Israel una historia de salvación. Repetir continuamente “Eterna es su misericordia”, como lo hace el Salmo, parece un intento por romper el círculo del espacio y del tiempo para introducirlo todo en el misterio eterno del amor. Es como si se quisiera decir que no solo en la historia, sino por toda la eternidad el hombre estará siempre bajo la

---

6 XXVI domingo del tiempo ordinario. Esta colecta se encuentra ya en el Siglo VIII, entre los textos eucológicos del *Sacramentario Gelasiano* (1198)

mirada misericordiosa del Padre. No es casual que el pueblo de Israel haya querido integrar este Salmo, el grande *hallel* como es conocido, en las fiestas litúrgicas más importantes.

Antes de la Pasión Jesús oró con este Salmo de la misericordia. Lo atestigua el evangelista Mateo cuando dice que «después de haber cantado el himno» (26, 30), Jesús con sus discípulos salieron hacia el Monte de los Olivos. Mientras instituía la Eucaristía, como memorial perenne de Él y de su Pascua, puso simbólicamente este acto supremo de la Revelación a la luz de la misericordia. En este mismo horizonte de la misericordia, Jesús vivió su pasión y muerte, consciente del gran misterio del amor de Dios que se habría de cumplir en la cruz. Saber que Jesús mismo hizo oración con este Salmo, lo hace para nosotros los cristianos aún más importante y nos compromete a incorporar este estribillo en nuestra oración de alabanza cotidiana: “Eterna es su misericordia”.

8. Con la mirada fija en Jesús y en su rostro misericordioso podemos percibir el amor de la Santísima Trinidad. La misión que Jesús ha recibido del Padre ha sido la de revelar el misterio del amor divino en plenitud. «Dios es amor» (1 Jn 4, 8.16), afirma por la primera y única vez en toda la Sagrada Escritura el evangelista Juan. Este amor se ha hecho ahora visible y tangible en toda la vida de Jesús. Su persona no es otra cosa sino amor. Un amor que se dona gratuitamente. Sus relaciones con las personas que se le acercan dejan ver algo único e irrepetible. Los signos que realiza, sobre todo hacia los pecadores, hacia las personas pobres, excluidas, enfermas y sufrientes llevan consigo el distintivo de la misericordia. En Él todo habla de misericordia. Nada en Él es falto de compasión.

